

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA PARA INSTRUMENTAR AS AXUDAS AO PERSOAL INVESTIGADOR DO PROXECTO COFUND – TALENTGAL DESTINADO NOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN DE EXCELENCIA UNIVERSITARIOS (REDE CIGUS), COFINANCIADO CON FONDOS DO PROGRAMA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN HORIZONTE EUROPA DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DAS ACCIÓNS MARIE SKŁODOWSKA-CURIE, BAIXO O ACORDO DE SUBVENCIÓN N° 101261801

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

REUNIDOS

Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Ricardo José Cao Abad, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), nomeado mediante o Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro de 2024), en representación desta, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 126 do Decreto 94/2025, do 6 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da UDC (DOG núm. 207 do 27 de outubro).



Rosa María Crujeiras Casais, reitora magnífica da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeada mediante o Decreto 26/2026, do 6 de abril (DOG núm. 66, do 10 de abril), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 85 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da USC (DOG núm. 29 do 12 de febreiro).

Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVIGO), nomeado mediante o Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117 do 20 de xuño de 2022), en representación desta, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 29 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da UVIGO (DOG núm. 38 do 22 de febreiro).

Francisco Javier Pereiro Pérez, director xeral da Fundación Empresa - Universidade Galega (FEUGA), con enderezo social en Santiago de Compostela, na Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/núm. CIF G15051667, con poder en virtude de escritura pública núm. 963, outorgada o 19 de outubro de 2009, ante a notaria Dona Susana Ortega Fernández, do ilustre Colexio de Galicia, con residencia en Ferrol.

Interven en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose mutua e reciprocamente a capacidade para obrigarse, mediante o convenio para o que previamente

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería) é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, así como a coordinación do sistema universitario, tal e como se lle atribúen no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, e se especifica no Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101 do 27 de maio de 2024), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

A Consellería considera prioritario fomentar a mobilidade, a cooperación e a internacionalización das persoas investigadoras, co obxectivo, entre outros, de incrementar a formación do persoal investigador de Galicia no estranxeiro e impulsar a internacionalización da investigación galega, co fin de mellorar a súa cantidade e calidade.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes á Consellería, de acordo coas competencias que lle atribúe o Decreto 138/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica da Consellería. Entre as súas competencias correspóndelle a promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- As universidades que integran o SUG, os organismos públicos de investigación e as outras entidades do Sistema de I+D+i galego, realizan actividades de



investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico que as configuran como principais axentes xeradoras de coñecemento en Galicia.

O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e, por isto, é necesario, por unha banda, fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos; e por outra, incidir na mellora e eficacia da xestión do capital humano e das infraestruturas que permitan acadar un avance significativo na totalidade dos sectores produtivos e, á súa vez, potencien unha universidade e un ecosistema de innovación galegos de calidade. Neste contexto, resulta igualmente estratéxico reforzar a internacionalización do sistema galego de I+D+i, promovendo a súa participación en redes e proxectos internacionais, así como desenvolvendo políticas activas de atracción e retención de talento investigador, que contribúan a posicionar Galicia como unha contorna competitiva, aberta e capaz de captar perfís de excelencia a nivel global.

CUARTO.- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da *Resolución do 19 de abril de 2024 (DOG núm. 85, do 30 de abril de 2024) pola que se conceden as axudas da Orde do 24 de outubro de 2023 (DOG núm. 85, do 30 de abril de 2024) pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas para a estrutura, a mellora e o apoio aos centros de investigación do SUG*, outorgou a dez centros de investigación universitario o recoñecemento «Centro con acreditación en excelencia» e o recoñecemento como membros da Rede CIGUS para o período 2024-2027.

Estes centros constitúen contornas de alta concentración científica, con masa crítica, equipamentos avanzados e estruturas estables de gobernanza. O seu papel é esencial: Integran a persoal investigador que realiza investigación de excelencia, acollen talento internacional e actúan como polos de transferencia de coñecemento cara á economía galega.



A continuación, relaciónanse os Centros CIGUS:

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CITIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicaciós)

CICA (Centro de Investigacións Científicas Avanzadas)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CIMUS (Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas)

CIQUS (Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares)

CITIUS (Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes)

IGFAE (Instituto Galego de Física de Altas Enerxías)

CRETUS (Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais)

UNIVERSIDADE DE VIGO

ATLANTTIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación)

CIM (Centro de Investigación Mariña)

CINBIO (Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina)

QUINTO.- A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU) establece, no seu artigo 28, que as comunidades autónomas e as universidades cooperarán para fomentar a atracción de talento internacional ao sistema universitario e promoverán medidas que faciliten a incorporación do persoal docente e investigador internacional.

Así mesmo, a atracción de talento a Galicia tamén supón unha mellora da calidade das actividades de investigación que se desenvolve. É moi relevante que as universidades, os centros de investigación e as empresas de Galicia sexan polos de atracción de



persoal investigador posdoutoral de todo o mundo para reforzar e ampliar as nosas capacidades e a competitividade de noso ecosistema de I+D+i.

SEXTO.- A captación, formación e retención de talento é un obxectivo estratéxico do Goberno galego, que busca atraer e desenvolver os recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento, definindo unha carreira profesional e posibilitando a formación e o fomento da excelencia científica no sistema galego de I+D+i.

A captación do mellor talento científico e innovador é esencial para fortalecer o Sistema público de investigación galego, por iso a Consellería promove a captación de talento, incentivando e apoiando a presentación aos programas máis competitivos das mellores candidaturas sen que o seu éxito supoña necesariamente unha carga orzamentaria para a universidade, centro de investigación universitario ou grupo. Tendo, ademais, en conta, que o éxito nestes programas, máis aló do retorno científico e económico que a persoa investigadora produza, supón un indicador de calidade para o organismo no que se incorpore e para o conxunto do sistema galego de I+D+i, tal como se recolle no Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2022-2026.

A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, aliñándose cos tres retos e coas tres prioridades. Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 4, integrándose polo tanto no programa Persoas e Talento do RIS3 e no programa Talento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.



SÉTIMO.- O esquema MSCA-COFUND é unha convocatoria do programa marco de investigación da Unión Europea (EU) que ten como obxectivos:

- Promover a excelencia na formación e na carreira investigadora.
- Fomentar a mobilidade internacional, interdisciplinar e intersectorial.
- Atraer talento investigador e reforzar capacidades

Estes programas poden ter dimensión rexional, nacional ou internacional, dependendo do seu alcance, da institución solicitante e da ambición da proposta presentada.

A principal característica dos programas COFUND é que deben garantir a excelencia científica, e ademais, ofrecer ao persoal investigador contratado unha formación integral. Os proxectos poden ter unha duración de 3 a 5 anos e os períodos de contratación do persoal captado poden variar. Estes programas deben garantir que se cumpre coas tres dimensións establecidas pola Comisión Europea (CE) no programa MSCA: a internacionalidade, a intersectorialidade e a interdisciplinabilidade.

A convocatoria MSCA-COFUND ofrece cofinanciamento, achegando a Comisión Europea (CE) aproximadamente a metade dos custos. COFUND é un mecanismo de cofinanciación que reforza programas doutorais e posdoutorais mediante apoio financeiro adicional, promovendo a atracción, formación e desenvolvemento de talento investigador en ámbitos rexionais, nacionais ou internacionais. Búscase a excelencia e a calidade da formación e o desenvolvemento da carreira investigadora dentro das entidades beneficiarias.

OITAVO.- Baixo estas premisas, TALENTGAL é un proxecto COFUND conseguido pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP en colaboración cos centros da Rede CIGUS e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA). O programa ten unha duración prevista de cinco anos e prevese contratar a 40 investigadoras/es posdoutorais, en dúas convocatorias abertas, transparentes e anunciadas internacionalmente. Os contratos terán unha duración de 30 meses, permitíndolles



levar a cabo investigación independente e de alto impacto nun dos 10 Centros de Investigación de Excelencia de Galicia que integran a Rede CIGUS.

A Xunta de Galicia actúa como entidade beneficiaria e responsable do programa; os centros CIGUS –dependentes das tres universidades públicas galegas– serán as institucións de acollida; e FEUGA, en tanto oficina técnica da Rede CIGUS, asumirá a xestión operativa do programa, incluíndo a coordinación das convocatorias, do proceso de avaliación e o apoio e seguimento aos investigadores/as.

Esta iniciativa promove o desenvolvemento da carreira investigadora desde unha perspectiva tridimensional (independencia, consolidación e liderado), promovendo a integridade científica, a transferencia de coñecemento-tecnoloxía e o emprendemento. Cun enfoque *bottom-up*, TALENTGAL apoia tanto a investigación fundamental como a aplicada nun amplo espectro de áreas aliñadas coa estratexia RIS3 de Galicia, incluíndo biomedicina, biotecnoloxía, nanomateriais, química, TIC, enxeñería ambiental, ciencias mariñas e física.

A colaboración interdisciplinaria, intersectorial e internacional constitúe a base do programa. Ademais da formación científica avanzada que adquirirán mediante a investigación que realicen, os investigadores e investigadoras participantes no programa, realizarán estancias obrigatorias, de 1 a 3 meses, en institucións académicas, organizacións empresariais e administracións públicas e recibirán formación complementaria en competencias transversais e apoio e mentoría personalizados. Isto fomentará oportunidades de colaboración industrial, mobilidade intersectorial e interacción con públicos máis amplos, contribuíndo a mellorar as súas perspectivas de carreira, tanto en contornas académicas como non académicas.

Segundo o exposto anteriormente, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. **Obxecto do convenio**

Este convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade de Vigo (UVIGO) e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), para instrumentar as axudas asociadas ao programa MSCA-COFUND TALENTGAL destinadas a financiar a formación, nalgún dos 10 Centros de Investigación de Excelencia de Galicia que integran a Rede CIGUS, de persoal investigador posdoutoral, os gastos asociados á súa contratación, así como os gastos de xestión operativa do programa.

SEGUNDA. **Gastos subvencionables**

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e a data límite de execución da axuda establecida no convenio. En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Os conceptos subvencionables no marco deste convenio son os que se relacionan a continuación:

- a) **COFUND allowance (Comisión Europea):** salario e custos sociais financiado pola Unión Europea.
- b) **COFUND allowance (Xunta de Galicia):** parte do salario e custos sociais financiado pola Xunta de Galicia.
- c) **COFUND allowance para indemnizacións:** contías destinadas a cubrir, de ser o caso, indemnizacións legalmente procedentes.
- d) **Mobility allowance:** complemento de mobilidade.



- e) **Family allowance:** complemento por conciliación familiar no caso de desprazamento con cónxuxe e/ou fillos.
- f) **Relocation allowance:** axuda destinada a cubrir os gastos derivados do traslado inicial da persoa investigadora.
- g) **Research costs (Xunta de Galicia):** complemento destinado a apoiar a actividade investigadora.
- h) **Congresos e eventos científicos (Xunta de Galicia):** complemento vinculado á inscrición, desprazamento e participación no marco do Programa en congresos, seminarios ou eventos científicos relacionados coa súa liña investigadora. O importe é de 1.900€ por cada congreso ou evento científico ao que asista ata un máximo de 5 Congresos/eventos. Como mínimo debe acudir a 2 eventos científicos no total dos 30 meses de duración da axuda. A previsión inicial é un congreso cada 6 meses. Se non se axusta a esta previsión, debe solicitar reaxuste orzamentario antes da data prevista na cláusula cuarta (5 de setembro).
- i) **Secondments (Xunta de Galicia):** Complemento por realización de estadias cun período mínimo de duración de 1 mes e máximo 3 meses. Estímase a súa realización no ano seguinte á resolución da convocatoria:
- a) 100 euros/mes se o destino da estadia está en Galicia (zona 1)
 - b) 800 euros/mes se o destino da estadia está no resto de España, en Portugal ou Andorra (zona 2).
 - c) 1.600 euros/mes se o destino da estadia está en Europa (agás Portugal ou Andorra), África ou América, agás EUA e Canadá (zona 3).
 - d) 2.000 euros/mes se o destino da estadia está nos Estados Unidos, Canadá, Asia ou Oceanía (zona 4).

Terán natureza salarial as contías correspondentes ao salario (COFUND allowance financiado pola Comisión Europea e pola Xunta de Galicia), así como o complemento de mobilidade e o complemento por conciliación familiar.

No caso do salario, inclúese o salario bruto e as cotizacións á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora. A autorización da interrupción e da prórroga da axuda en ningún caso supón un aumento da contía da axuda concedida inicialmente. Calquera incremento no pagamento da cota patronal da Seguridade Social como consecuencia do período prolongado será por conta da entidade contratante.



Non terán natureza salarial as axudas por traslado inicial (relocation allowance) nin o complemento de investigación, así como os gastos para congresos, eventos e estadias.

A continuación, amósase unha táboa coa distribución anual dos diferentes conceptos subvencionables:

Universidades						
Conceptos Subvencionables	Por mes/ investigador/a	Total (30 meses de duración e 40 investigadores /as)	2027	2028	2029	2030
COFUND allowance (EC). Salario financiado pola Unión Europea	4.700,00 €	5.640.000,00 €	940.000,00 €	2.068.000 €	1.880.000 €	752.000 €
COFUND allowance*. Salario financiado pola Xunta de Galicia	106,67 €	128.000,00 €	21.333,30 €	46.933,30 €	42.666,70 €	17.066,70 €
COFUND allowance para indemnizaciones (Xunta)	193,33 €	232.000,00 €	0,00 €	0,00 €	116.000,00 €	116.000,00 €
Mobility allowance. Complemento mobilidade (Xunta)	500,00 €	600.000,00 €	100.000,00 €	220.000,00 €	200.000,00 €	80.000,00 €
Family allowance. Complemento conciliación se se despraza con familia (cónxuge / fillos) (Xunta)	300,00 €	360.000,00 €	60.000,00 €	132.000,00 €	120.000,00 €	48.000,00 €
Relocation. Complemento traslado inicial (Xunta)	66,67 €	80.000,00 €	40.000,00 €	40.000,00 €	0,00 €	0,00 €
Research costs. Complemento investigación (Xunta)	300,00 €	360.000,00 €	60.000,00 €	132.000,00 €	120.000,00 €	48.000,00 €
Congresses and events. Congresos e eventos. Xunta	1.900€/congreso	380.000,00 €	63.333,30 €	139.333,30 €	126.666,70 €	50.666,70 €
Secondments (Estadías). Xunta	Máximo 2.000€/mes	240.000,00 €	0,00 €	120.000,0 €	120.000,0 €	0,0 €
Total fondos Xunta		2.380.000,00 €	344.666,60 €	830.266,60 €	845.333,40 €	359.733,40 €
Total Fondos Comisión europea		5.640.000,00 €	940.000,00 €	2.068.000,00 €	1.880.000,00 €	752.000,00 €
Total (fondos EC + Xunta)	6.683,34 €	8.020.000,00 €	1.284.666,60 €	2.898.266,60 €	2.725.333,40 €	1.111.733,40 €

No caso do FEUGA, consideraranse os seguintes gastos subvencionables:

FEUGA		
Custos xestión do Programa; salarios, custos indirectos (*) e prorrata de FEUGA; custos da web, da ferramenta de xestión e das persoas avaliadoras; custos de reunións e desprazamentos internos necesarios; gastos asociados á formación e aos eventos de TALENTGAL; elaboración de informes para a UE e a Xunta, apoio administrativo, xurídico e financeiro.	Cofinanciamento Xunta de Galicia	1.200.400,00 €



(*) Custos indirectos referidos aos gastos subvencionables FEUGA, entendidos como gastos xerais asignados ao proxecto, pero que pola súa natureza non poidan imputarse de forma directa. Os custos indirectos impútanse segundo unha porcentaxe fixa que non excederá do 20% dos gastos directos do proxecto.

En ningún caso, se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se atopa acollida ao réxime de exención do IVE.

En aplicación do artigo 22.1, letra g), da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, cando finalice o contrato por expiración do tempo convindo, a persoa traballadora terá dereito a percibir unha indemnización de contía equivalente á prevista para os contratos de duración determinada, establecida no artigo 49 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. Para cubrir o custo da indemnización ao remate do contrato, incluírase unha axuda total de 5.800 euros por investigador/a.

Se a entidade beneficiaria formaliza un contrato que implique unha contía superior á estipulada, deberá achegar a diferenza.

TERCEIRA. **Compromisos das partes**

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

- a) A Consellería comprométese ao financiamento do gasto realizado pola UDC, USC e UVIGO para impulsar as actuacións derivadas da contratación no marco do proxecto TALENTGAL - COFUND, no que se prevé a contratación de 40 investigadores/as posdoutorais adscritos a algún dos 10 Centros de Investigación de Excelencia de Galicia que integran a Rede CIGUS. (cunha duración de 30 meses no período global do proxecto de 5 anos).
- b) A Consellería comprométese ao financiamento do gasto realizado por FEUGA



para impulsar as actuacións derivadas da xestión e actividades de formación do programa TALENTGAL, proposta COFUND.

- c) A UDC, USC e a UVIGO destinarán as axudas a financiar os salarios e as actividades incluídas no *grant agreement* do proxecto TALENTGAL - COFUND, referidas ás persoas investigadoras seleccionadas polo programa TALENTGAL e con destino nun centro CIGUS. O 100 % da dedicación contractual debe estar orientado á execución do proxecto, á adquisición de competencias científicas e transversais e ao desenvolvemento da carreira investigadora.

A UDC, USC e UVIGO contratarán laboralmente ás persoas seleccionadas no proxecto TALENTGAL - COFUND, e porá ao seu dispor as instalacións e medios materiais e formativos necesarios para a realización axeitada do seu traballo.

A UDC, USC e UVIGO asumen o custo das súas respectivas contratacións no que exceda das axudas concedidas, así como posibles incrementos retributivos (ou de cota empresarial da seguridade social) ou calquera outra incidencia. Tamén están obrigadas a comunicar as baixas, renuncias, interrupcións e demais incidencias dos contratos cofinanciados.

- d) A UDC, USC e UVIGO comprométense a realizar a achega en especie (*in-kind*) prevista no Programa TALENTGAL, en coherencia coa contía indicada na correspondente *letter of commitment* (carta de compromiso). Estas achegas terán carácter non monetario e estarán vinculadas directamente á execución das actividades comprometidas no marco do programa.
- e) FEUGA asume a xestión e seguimento dos investigadores posdoutorais, de acordo cos procedementos MSCA-COFUND e co regulamento establecido no proxecto aprobado, así como a xestión das actividades formativas e a asistencia técnica do Programa TALENTGAL, incluíndo o soporte á avaliación, a relación con expertos, a revisión documental e o apoio ao comité de selección, entre outros.



- f) A UDC, USC, UVIGO e FEUGA comprométense a someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Así mesmo, a UDC, USC, UVIGO e FEUGA comprométense a cumprir calquera outra obriga establecida no artigo 40 do Regulamento da *Lei 9/2007, de subvencións de Galicia*, en relación co artigo 11 da citada Lei.

- g) A UDC, USC, UVIGO e FEUGA deberán facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i.

Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

- h) En relación á comunicación, difusión e identidade visual, as entidades beneficiarias deberán promover o programa TALENTGAL e os seus resultados mediante actividades de comunicación e difusión dirixidas a múltiples públicos, de acordo coas obrigas asumidas pola Xunta de Galicia no marco do programa Horizon Europe – Marie Skłodowska-Curie Actions COFUND (Grant Agreement nº 101261801), dun xeito estratéxico, coherente e eficaz. Antes de realizar unha



actividade de comunicación ou difusión que se prevexa que vaia a ter un grande impacto mediático, as entidades beneficiarias deberán informar á autoridade concedente.

Todas as actividades de comunicación ou difusión relacionadas co programa (incluíndo relacións cos medios, conferencias, seminarios, materiais informativos como folletos, trípticos, carteis, presentacións, etc., en formato electrónico, a través de medios tradicionais ou redes sociais, etc.), así como calquera infraestrutura, equipamento, vehículos, subministracións ou resultado principal financiado con cargo á subvención, deberán recoñecer expresamente o apoio da Unión Europea e da Xunta de Galicia.

Para tal efecto, deberá empregarse a seguinte declaración de financiamento:

"TALENTGAL is co-funded by the European Union's Horizon Europe research and innovation programme under the Marie Skłodowska-Curie Actions, Grant Agreement No 101261801, and by Xunta de Galicia. Views and opinions expressed are however those of the author(s) only and do not necessarily reflect those of the European Union. Neither the European Union nor the granting authority can be held responsible for them."

Esta declaración deberá incorporarse na lingua ou linguas adecuadas en función do público destinatario e da actividade de comunicación ou difusión, respectando en todo caso o seu contido íntegro e significado.

Nas accións nas que se faga referencia ao programa TALENTGAL, deberán incorporarse de maneira visible, ademais do logotipo propio do programa, os seguintes elementos gráficos institucionais: logotipo da Rede CIGUS (en representación da Xunta de Galicia), identidade gráfica de cofinanciamento da Unión Europea, identidade gráfica de Fondos Europeos, logotipo do Xacobeo 2027.

A disposición, tamaño relativo, cores e demais condicións técnicas de utilización



destes elementos regularanse no correspondente Manual de Identidade Visual (Book of Style) do programa TALENTGAL, cuxo cumprimento será obrigatorio para todas as entidades beneficiarias.

- i) A UDC, USC, UVIGO e FEUGA comprométense á obrigación do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto do incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

CUARTA. Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de 9.220.400,00 €, e procede:

- Do proxecto TALENTGAL, concedido no marco da convocatoria europea MSCA-COFUND, por un importe total de 5.640.000,00 € (Fondo UE) con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.561B.440.0.
- Do cofinanciamento a través do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro) por un importe total de 3.580.400,00 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para o exercicio 2026 que figuran nas seguintes táboas. As anualidades do 2027, 2028, 2029 e 2030 integraranse no novo plan de financiamento, sempre que así o permitan as dispoñibilidades orzamentarias.

Non obstante, dado que parte do financiamento destas axudas procede do Plan Galego de Financiamento Universitario para o período 2022-2026, de acordo co establecido no artigo 115.4 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, si na data de finalización da vixencia dun plan de financiamento non estivese aprobado o novo plan, prorrogarase a vixencia de aquel ata a aprobación e o comezo de efectos do novo plan, sempre que así o permitan as dispoñibilidades orzamentarias da Administración autonómica.



O programa TALENTGAL ten unha duración prevista de 5 anos e está previsto contratar nel a 40 investigadoras/es posdoutorais para levar a cabo investigación independente e de alto impacto nalgún dos 10 Centros de Investigación de Excelencia de Galicia que integran a Rede CIGUS. Os contratos terán unha duración de 30 meses.

A continuación, amósanse varias táboas coa partida orzamentaria por cada concepto subvencionable para os beneficiarios (universidades e FEUGA). O correspondente reparto desas achegas, por anualidades para cada unha das universidades, expóñense nas diferentes táboas do Anexo I.

Beneficiario Universidades						
Partidas	Por mes / investigador	Total	2027	2028	2029	2030
COFUND allowance (EC). Salario financiado pola Unión Europea 07.02.561B.440.0	4.700,00 €	5.640.000,00 €	940.000,00 €	2.068.000,00 €	1.880.000,00 €	752.000,00 €
COFUND allowance*. Salario financiado pola Xunta de Galicia 07.02.561B.440.0	106,67 €	128.000,00 €	21.333,30 €	46.933,30 €	42.666,70 €	17.066,70 €
COFUND allowance para indemnizaciones (Xunta) 07.02.561B.440.0	193,33 €	232.000,00 €	0,00 €	0,00 €	116.000,00 €	116.000,00 €
Mobility allowance. Complemento mobilidade (Xunta) 07.02.561B.440.0	500,00 €	600.000,00 €	100.000,00 €	220.000,00 €	200.000,00 €	80.000,00 €
Family allowance. Complemento conciliación se se despraza con familia (cónxuge / fillos) (Xunta) 07.02.561B.440.0	300,00 €	360.000,00 €	60.000,00 €	132.000,00 €	120.000,00 €	48.000,00 €
Relocation. Complemento traslado inicial (Xunta) 07.02.561B.440.0	66,67 €	80.000,00 €	40.000,00 €	40.000,00 €	0,00 €	0,00 €



Research costs. Complemento investigación (Xunta) 07.02.561B.440.0	300,00 €	360.000,00 €	60.000,00 €	132.000,00 €	120.000,00 €	48.000,00 €
Congresses and events. Congresos e eventos. (Xunta) 07.02.561B.440.0	316,67 €	380.000,00 €	63.333,30 €	139.333,30 €	126.666,70 €	50.666,70 €
Secondments (Estadías). (Xunta) 07.02.561B.440.0	200,00 €	240.000,00 €	0,00 €	120.000,00 €	120.000,00 €	0,00 €
Total fondos Xunta		2.380.000,00 €	344.666,60 €	830.266,60 €	845.333,40 €	359.733,40 €
Total fondos Comisión Europea		5.640.000,00 €	940.000,00 €	2.068.000,00 €	1.880.000,00 €	752.000,00 €
Total (fondos Comisión Europea + Xunta)	6.683,34 €	8.020.000,00 €	1.284.666,60 €	2.898.266,60 €	2.725.333,40 €	1.111.733,40 €

FEUGA

Partidas	Total	2026	2027	2028	2029	2030
FEUGA (fondo propio Xunta) 07.02.561B.781.0	1.200.400,00 €	266.540,00 €	254.170,00 €	197.185,00 €	221.035,00 €	261.470,00 €

No que atinxe á anualidade 2026, os importes asignados á FEUGA responden á necesidade de acometer actuacións preparatorias imprescindibles para a posta en marcha efectiva do programa COFUND, consonte ao calendario e obrigas asumidas no marco do *Grant Agreement* e do acordo subscrito entre a Xunta de Galicia e a Comisión Europea.

En particular, inclúense entre outras actuacións: os gastos de persoal vinculados á preparación, coordinación e xestión inicial do programa —*Project Manager*— así como o persoal correspondente ás funcións de *Communication & Outreach Manager*, *Technology Transfer Manager* e persoal de coordinación e xestión—; o desenvolvemento da páxina web e da plataforma de xestión necesarias para a apertura e tramitación da primeira convocatoria; os gastos de comunicación e publicidade asociados á difusión da



devandita convocatoria, en cumprimento das obrigas de visibilidade e comunicación establecidas no *Grant Agreement*; os custos derivados da participación de persoas avaliadoras e boards necesarios para a resolución da convocatoria prevista para decembro de 2026; así como a asistencia ás reunións de beneficiarios COFUND en Bruxelas.

En consecuencia, as achegas previstas para FEUGA na anualidade 2026 teñen carácter instrumental e preparatorio, resultando indispensables para garantir o correcto inicio e desenvolvemento do programa a partir do exercicio 2027.

A continuación, amósase un cadro-resumo coa distribución anual por beneficiarios e gasto elexible (fondo europeo):

Entidade	Aplicación	Elexible	2026	2027	2028	2029	2030	TOTAL
UDC	07.02.561B.444.0	SI	0,00 €	188.000,00 €	413.600,00 €	376.000,00 €	150.400,00 €	1.128.000,00 €
	07.02.561B.444.0	NON	0,00 €	68.933,40 €	166.053,40 €	169.066,60 €	71.946,60 €	476.000,00 €
TOTAL UDC			0,00 €	256.933,40 €	579.653,40 €	545.066,60 €	222.346,60 €	1.604.000,00 €
USC	07.02.561B.444.0	SI	0,00 €	470.000,00 €	1.034.000,00 €	940.000,00 €	376.000,00 €	2.820.000,00 €
	07.02.561B.444.0	NON	0,00 €	172.333,20 €	415.133,20 €	422.666,80 €	179.866,80 €	1.190.000,00 €
TOTAL USC			0,00 €	642.333,20 €	1.449.133,20 €	1.362.666,80 €	555.866,80 €	4.010.000,00 €
UVIGO	07.02.561B.444.0	SI	0,00 €	282.000,00 €	620.400,00 €	564.000,00 €	225.600,00 €	1.692.000,00 €
	07.02.561B.444.0	NON	0,00 €	103.400,00 €	249.080,00 €	253.600,00 €	107.920,00 €	714.000,00 €
TOTAL UVIGO			0,00 €	385.400,00 €	869.480,00 €	817.600,00 €	333.520,00 €	2.406.000,00 €
UNIVERSIDADES SUG (UDC+USC+UVIGO)		SI	0,00 €	940.000,00 €	2.068.000,00 €	1.880.000,00 €	752.000,00 €	5.640.000,00 €
		NON	0,00 €	344.666,60 €	830.266,60 €	845.333,40 €	359.733,40 €	2.380.000,00 €
		TOTAL SUG	0,00 €	1.284.666,60 €	2.898.266,60 €	2.725.333,40 €	1.111.733,40 €	8.020.000,00 €
FEUGA	07.02.561B.781.0	NON	266.540,00 €	254.170,00 €	197.185,00 €	221.035,00 €	261.470,00 €	1.200.400,00 €
TOTAL FEUGA			266.540,00 €	254.170,00 €	197.185,00 €	221.035,00 €	261.470,00 €	1.200.400,00 €
TOTAL SUG + FEUGA			266.540,00 €	1.538.836,60 €	3.095.451,60 €	2.946.368,40 €	1.373.203,40 €	9.220.400,00 €



Por mor das características do Programa, da posibilidade de desenvolver estadías en calquera das anualidades da axuda, poderá producirse unha asignación dun número de investigadores/as posdoutorais a cada universidade diferente á inicialmente prevista, coincidir nunha mesma anualidade un número distinto de persoas investigadoras, adiarse as datas de comezo de estadías dos investigadores ou producirse cambios no plan de traballo presentado por FEUGA. Isto pode provocar un reaxuste dos importes asignados a cada unha das entidades beneficiarias (Universidades e FEUGA).

Así mesmo, as entidades beneficiarias poderán solicitar a interrupción e a prórroga do prazo de execución da axuda correspondente ao tempo da suspensión dos contratos financiados cando estas suspensións se produzan polas seguintes causas:

- a) Nacemento.
- b) Adopción.
- c) Garda con fins de adopción ou acollemento.
- d) Risco durante o embarazo.
- e) Risco durante a lactación natural de menores de nove meses.
- f) Incapacidade temporal durante o embarazo por causas vinculadas con el.
- g) Incapacidade temporal por causas distintas ás do punto anterior por un período mínimo dun mes.
- h) As situacións previstas no artigo 45.1.n) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, como medida de protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

No caso do salario, inclúese o salario bruto e as cotizacións á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora.

Cando se produza a suspensión do contrato pola concorrencia dalgunha destas situacións, as entidades beneficiarias poderán solicitar a interrupción e a prórroga do prazo de execución da axuda correspondente ao tempo de suspensión, no prazo dun mes desde que esa baixa se produza.



A interrupción e a prórroga ás cales se fai referencia no parágrafo anterior deberán ser autorizadas pola Secretaría Xeral de Universidades, que poderá solicitar os informes que considere oportunos. A entidade correspondente deberá achegar o contrato ou o documento xustificativo da prórroga que cubra o dito período, no prazo dun mes desde a súa sinatura.

Cando se autorice a interrupción e a prórroga, non se considerarán subvencionables os gastos derivados da contratación en que poida incurrir a entidade beneficiaria (retribución salarial e cota patronal da Seguridade Social) durante o tempo de interrupción, polo que non se deben incluír nas certificacións de xustificación económica. A duración da subvención verase ampliada por un período idéntico ao da interrupción para os efectos previstos nesta convocatoria.

A autorización da interrupción e da prórroga da axuda en ningún caso supón un aumento da contía da axuda concedida inicialmente. Calquera incremento no pagamento da cota patronal da Seguridade Social como consecuencia do período prolongado será por conta da entidade contratante.

No caso de que se produza algunha renuncia ou outra causa de extinción da relación laboral, a entidade beneficiaria deberá comunicar a renuncia, mediante escrito motivado da persoa seleccionada, dirixido á Secretaría Xeral de Universidades e a FEUGA, nun prazo máximo de 15 días naturais desde que se produza. Deberase xuntar un informe da entidade beneficiaria indicando se a persoa contratada desenvolveu unha actividade satisfactoria que permitise o seu perfeccionamento e especialización profesional durante a permanencia no programa.

Así mesmo, poden producirse cambios no Plan de traballo e cronograma presentado por FEUGA.

Polos motivos anteriormente expostos, de acordo co artigo 26.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, prevese a posibilidade de modificar a distribución das contías



indicadas nas táboas anteriores e no anexo I por Resolución da Secretaría Xeral de Universidades, supeditándoa unicamente a informe favorable da comisión de seguimento establecida na cláusula sétima e tramitación do correspondente reaxuste de anualidades no expediente de gasto. Este reaxuste deberá ser solicitado polas entidades beneficiarias antes do 5 de setembro de cada anualidade.

Esta cantidade de 9.220.400,00 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e dentro dos límites establecidos no Programa Horizonte Europa. De ser o caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

QUINTA. Xustificación e pagamento

De acordo co estipulado no artigo 63.Dous.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e logo da autorización polo Consello da Xunta, o importe total anual establecido neste convenio será aboada á entidade asinante, como pagamento anticipado, con carácter previo á realización e xustificación das actividades financiadas.

PARA AS TRES UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS :

As tres universidades galegas, entidades beneficiarias e contratantes das persoas



seleccionadas, serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes conforme á normativa de aplicación e serán as receptoras dos fondos para o pagamento dos contratos e gastos vinculados segundo a cláusula segunda do convenio.

Apartado 1:

No primeiro ano de contrato (2027), coa presentación por parte das entidades beneficiarias da aceptación da axuda e da solicitude de libramento xunto cos contratos de traballo das persoas seleccionadas, aboarase o importe correspondente á axuda concedida para ese exercicio. Ademais, deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Certificación, debidamente actualizada, acreditativa de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social e no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que a entidade solicitante se opoña á súa consulta ou, de ser o caso, non preste consentimento expreso para a súa consulta.
- b) Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades. Así mesmo, indicárase que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvenciones, axudas, ingresos ou recursos, non supera o custe total da actividade subvencionada.

Nas anualidades 2028, 2029 e 2030 aboarase a axuda concedida para ese ano, segundo o establecido neste convenio, tras a presentación por parte das entidades beneficiarias da solicitude de libramento e da documentación que se indica no apartado primeiro desta cláusula.

Esta documentación deberá presentarse con data límite o 25 de setembro de cada anualidade.



Apartado 2:

Con data límite do 28 de febreiro de 2028, 2029, 2030 e 2031 deberá presentarse a seguinte documentación xustificativa do adianto de fondos do ano anterior:

- a) Unha certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento durante todo o período da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida, de acordo co artigo 27 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG N° 249, do 30 de decembro). Así mesmo, deberá certificarse a entrega ás persoas contratadas dos complementos asociados á mobilidade, conciliación, traslado inicial, liña investigación, estadias e congresos e eventos nas anualidades correspondentes, así como o pagamento da indemnización por fin de contrato na anualidade que corresponda. Adicionalmente, deberá entregarse unha folla de cálculo coa relación de pagamentos por cada un dos expedientes dos posdoutorais.
- b) Certificado da Universidade beneficiaria, de ser o caso, de realización do desprazamento por parte do cónxuxe e/ou fillos.
- c) Certificado da Universidade beneficiaria, de ser o caso, de ter realizado o congresos/eventos científicos, no seu caso. Deben indicarse expresamente os centros en que a persoa investigadora desenvolveu a súa estadia, as datas de inicio e fin e achegar unha memoria de actividade. O certificado de entrega do complemento ás persoas deberá achegarse na certificación apartado 2. a) desta cláusula.
- d) Certificado da Universidade beneficiaria, de ser o caso, de ter realizado a estadia. Deben indicarse expresamente os centros en que a persoa investigadora desenvolveu a súa estadia, país(es), as datas de inicio e fin e achegar unha memoria de actividade. O certificado de entrega do complemento ás persoas deberá achegarse na certificación apartado 2. a) desta cláusula.



- e) Certificado asinado polo órgano responsable de control da entidade onde conste a permanencia efectiva, a dedicación exclusiva da persoa investigadora ao programa, a vinculación ao centro de investigación correspondente e que se cumpriron as condicións do convenio e que a actividade da persoa posdoutoral desenvolveuse correctamente.
- f) Certificación, debidamente actualizada, acreditativa de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social e no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que a entidade solicitante se opoña a que o órgano xestor solicite as certificacións que deban emitir a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Axencia Tributaria de Galicia.
- g) Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades. Así mesmo, indicarse que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvenciones, axudas, ingresos ou recursos, non supera o custe total da actividade subvencionada.
- h) Ao remate do período de vinculación da persoa investigadora coa entidade de acollida, realizarase unha revisión final no marco do Plan Persoal de Desenvolvemento da Carreira (PCDP). Esta revisión terá por obxecto valorar o grao de execución do proxecto de investigación, o cumprimento dos obxectivos establecidos no PCDP e a evolución profesional da persoa investigadora durante o período de contratación. A revisión será realizada pola persoa supervisora académica da entidade de acollida para efectos de seguimento e garantía da calidade do programa. Os resultados desta valoración e os PCDP dos posdoutorais serán trasladados pola universidade beneficiaria á Secretaría Xeral de Universidades coa última xustificación.

Nas anualidades nas que finalice o contrato da persoa posdoutoral contratada



aboarase a indemnización, tras a entrega da documentación debidamente xustificada do aboamento pola entidade beneficiaria, por expiración do tempo convido no contrato, no caso que proceda e segundo o establecido na cláusula segunda deste convenio.

No caso de que a certificación do gasto e do pagamento sexa inferior ao importe adiantado, o anticipo da seguinte anualidade minorarase polo importe non executado. O obxectivo é regularizar a diferenza entre as cantidades aboadas ás ditas entidades e as finalmente resultantes en virtude da aplicación de todas aquelas situacións mencionadas neste convenio. No caso da última anualidade, procederase ao reintegro pola diferenza entre o importe adiantado e o importe non executado.

Con independencia do anterior, as entidades beneficiarias comunicarán, nun período máximo dun mes, as persoas que causen baixa no programa.

Para os casos de meses incompletos, o cálculo do importe do contrato e os seus custos sociais correspondente a esa fracción de mes, realizarase dividindo o importe máximo anual entre 360 días e multiplicando o resultado polo número de días traballados nese mes.

O indicado no parágrafo anterior non se aplicará aos complementos por estadía, que só se aboarán se se realiza o mes completo.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado ante o órgano administrativo competente, este requirirá a entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de dez días a presente.

A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.



A realización dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados das Universidades Públicas está exenta da constitución de garantías de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

PARA XUSTIFICACIÓN GASTOS DE FEUGA:

Nas anualidades 2026, 2027, 2028, 2029 e 2030, aboarase o importe correspondente á axuda concedida para ese exercicio ao FEUGA tras a presentación da seguinte documentación:

- a) Unha solicitude motivada do pagamento anticipado e solicitude de libramento.
- b) Certificación, debidamente actualizada, acreditativa de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social e no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma.
- c) Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades. Así mesmo, indicárase que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, non supera o custe total da actividade subvencionada.
- d) Plan de traballo, cronograma e orzamento das actuacións a realizar no marco do Programa TALENTGAL.

Esta documentación deberá presentarse con data límite o 25 de setembro de cada anualidade.

Con data límite do 1 de febreiro de 2027, 2028, 2029, 2030 e 2031 deberá presentarse a seguinte documentación xustificativa do adianto de fondos do ano anterior:

Memoria anual na que se dea conta do destino da achega e dunha declaración na que conste o cumprimento das actividades que fundamentan a concesión da subvención



establecida no convenio e na que se recolla que os fondos foron destinados ao obxecto do convenio, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos. Os ditos gastos, agás os custos indirectos previstos na cláusula segunda deste convenio, acreditaranse mediante a presentación das correspondentes facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, achegándose tamén os comprobantes dos pagamentos efectuados. Así mesmo, indicárase que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, non supera o custe total da actividade subvencionada.

No caso de que a certificación do gasto e do pagamento sexa inferior ao importe adiantado, o anticipo da seguinte anualidade minorarase polo importe non executado. O obxectivo é regularizar a diferenza entre as cantidades aboadas ás ditas entidades e as finalmente resultantes en virtude da aplicación de todas aquelas situacións mencionadas neste convenio. No caso da última anualidade, procederase ao reintegro pola diferenza entre o importe adiantado e o importe non executado.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas, de acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA. Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal investigador que desenvolva as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA. Comisión de seguimento



Para velar polo cumprimento do estipulado, crearase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, que se reunirá a petición dunha das partes, constituída do seguinte xeito:

- Pola Consellería, catro membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- Un/unha vicerreitor/a da Universidade da Coruña, ou persoa en quen deleguen.
- Un/unha vicerreitor/a da Universidade de Santiago de Compostela, ou persoa en quen deleguen.
- Un/unha vicerreitor/a da Universidade de Vigo, ou persoa en quen deleguen.
- O/A director/a xeral de FEUGA , ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario/a da comisión o/a xefe/a de servizo de Xestión Científico-Tecnolóxica, axustándose o réxime xurídico desta ao establecido nos preceptos básicos da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, e na *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo propostas de solucións aos posibles conflitos. Así mesmo, emitirá informe sobre a posibilidade de redistribuír as contías indicadas na cláusula cuarta. No entanto, a Consellería ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade, propias dos negocios xurídicos administrativos de acordo coa Lei de contratos do sector público. En todo caso, aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería.

OITAVA. **Modificación do convenio**

Consonte co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas



en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fora dos casos permitidos nas presentes cláusulas, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da *Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico*, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

NOVENA. Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital da última persoa asinante, sen prexuízo de que poidan atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2026, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2030. Non obstante, o convenio poderá ser modificado mediante addenda, debidamente formalizada polas partes asinantes, no suposto de que resulte necesario adaptar a súa vixencia ou contido ás características dos contratos derivados do mesmo ou á eventual extensión do Programa TALENTGAL.

DÉCIMA. Extinción do convenio

No entanto, o establecido na cláusula anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes,



procederáse á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

De acordo co artigo 14.1.n da *Lei 9/2007*, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da axudas percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

UNDÉCIMA. **Natureza do convenio**

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, este convenio ten un interese público, xa que ao contribuír a sufragar gastos asociados ás actuacións das convocatorias de contratación derivada do proxecto TALENTGAL - COFUND, no que se prevé a contratación de 40 investigadores/as posdoutorais adscritos á Rede CIGUS, estase a potenciar a atracción de talento investigador; a mobilidade internacional, interdisciplinar e intersectorial; e a excelencia na formación e desenvolvemento da carreira investigadora.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 47.2.a) da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público*, rexéndose aos seus efectos polo establecido nas cláusulas deste e, no seu defecto, pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na *Lei 9/2007, de*



13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DUODÉCIMA. Publicidade e transparencia

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da *Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006*, a UDC, USC, UVIGO e FEUGA consente expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer a UDC, USC, UVIGO e FEUGA no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co disposto no *Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación* (DOUE C 414/1, do 28.10.2022), non se aplica o establecido no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e, polo tanto, non terá a condición de axudas de estado as axudas previstas neste convenio por outorgarse a organismos de investigación para actividades non económicas. Non obstante, a UDC, USC, UVIGO e FEUGA deberán garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

A subvención estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida



pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na *Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno* e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*.

De acordo co estipulado no artigo 53 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

DÉCIMO TERCEIRA. Protección de datos

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 2016/679 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE 06/12/2018), adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais, e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.



Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e todas elas se someten ao acordado en todas as estipulacións.

DÉCIMO CUARTA. **Resolución de controversias**

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen na *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Ricardo José Cao Abad

Reitor da Universidade da Coruña (UDC)

Rosa María Crujeiras Casais

Reitora da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Reitor da Universidade de Vigo (UVIGO)

Francisco Javier Pereiro Pérez

Director xeral da Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA)



ANEXO I

Desglose por universidade						
UDC	Centros	2	Investigadores (estimativo)	8	Porcentaxe	20%
Partidas	PM	Total	2027	2028	2029	2030
COFUND allowance (EC). Salario financiado pola Unión Europea	4.700,00 €	1.128.000,00 €	188.000,00 €	413.600,00 €	376.000,00 €	150.400,00 €
COFUND allowance*. Salario financiado pola Xunta de Galicia	106,67 €	25.600,00 €	4.266,70 €	9.386,70 €	8.533,30 €	3.413,30 €
COFUND allowance para indemnizaciones (Xunta)	193,33 €	46.400,00 €	0,00 €	0,00 €	23.200,00 €	23.200,00 €
Mobility allowance. Complemento mobilidade (Xunta)	500,00 €	120.000,00 €	20.000,00 €	44.000,00 €	40.000,00 €	16.000,00 €
Family allowance. Complemento conciliación se se despraza con familia (cónxuge / fillos) (Xunta)	300,00 €	72.000,00 €	12.000,00 €	26.400,00 €	24.000,00 €	9.600,00 €
Relocation. Complemento traslado inicial (Xunta)	66,67 €	16.000,00 €	8.000,00 €	8.000,00 €	0,00 €	0,00 €
Research costs. Complemento investigación (Xunta)	300,00 €	72.000,00 €	12.000,00 €	26.400,00 €	24.000,00 €	9.600,00 €
Congresses and events. Congresos e eventos. Xunta	316,67 €	76.000,00 €	12.666,70 €	27.866,70 €	25.333,30 €	10.133,30 €
Secondments (Estadías). Xunta	200,00 €	48.000,00 €	0,00 €	24.000,00 €	24.000,00 €	0,00 €
Total fondos Xunta	1.983,34 €	476.000,00 €	68.933,40 €	166.053,40 €	169.066,60 €	71.946,60 €
Total fondos UE		1.128.000,00 €	188.000,00 €	413.600,00 €	376.000,00 €	150.400,00 €
Total (fondos UE + Xunta)	6.683,34 €	1.604.000,00 €	256.933,40 €	579.653,40 €	545.066,60 €	222.346,60 €



USC	Centros	5	Investigadores	20	Porcentaxe	50,00%
Partidas	PM	Total	2027	2028	2029	2030
COFUND allowance (EC)	4.700,00 €	2.820.000,00 €	470.000,00 €	1.034.000,00 €	940.000,00 €	376.000,00 €
COFUND allowance (Xunta)*	106,67 €	64.000,00 €	10.666,60 €	23.466,60 €	21.333,40 €	8.533,40 €
COFUND allowance para indemnizacións	193,33 €	116.000,00 €	0,00 €	0,00 €	58.000,00 €	58.000,00 €
Mobility allowance	500,00 €	300.000,00 €	50.000,00 €	110.000,00 €	100.000,00 €	40.000,00 €
Family allowance	300,00 €	180.000,00 €	30.000,00 €	66.000,00 €	60.000,00 €	24.000,00 €
Relocation	66,67 €	40.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €	0,00 €
Research costs	300,00 €	180.000,00 €	30.000,00 €	66.000,00 €	60.000,00 €	24.000,00 €
Congresses and events	316,67 €	190.000,00 €	31.666,60 €	69.666,60 €	63.333,40 €	25.333,40 €
Secondments	200,00 €	120.000,00 €	0,00 €	60.000,00 €	60.000,00 €	0,00 €
Total fondos Xunta	1.983,34 €	1.190.000,00 €	172.333,20 €	415.133,20 €	422.666,80 €	179.866,80 €
Total (fondos UE)		2.820.000,00 €	470.000,00 €	1.034.000,00 €	940.000,00 €	376.000,00 €
Total (fondos UE + Xunta)	6.683,34 €	4.010.000,00 €	642.333,20 €	1.449.133,20 €	1.362.666,80 €	555.866,80 €





UVIGO	Centros	3	Investigadores (estimativo)	12	Porcentaxe	30%
Partidas	PM	Total	2027	2028	2029	2030
COFUND allowance (EC). Salario financiado pola Unión Europea	4.700,00 €	1.692.000,00 €	282.000,00 €	620.400,00 €	564.000,00 €	225.600,00 €
COFUND allowance*. Salario financiado pola Xunta de Galicia	106,67 €	38.400,00 €	6.400,00 €	14.080,00 €	12.800,00 €	5.120,00 €
COFUND allowance para indemnizacións (Xunta)	193,33 €	69.600,00 €	0,00 €	0,00 €	34.800,00 €	34.800,00 €
Mobility allowance. Complemento mobilidade (Xunta)	500,00 €	180.000,00 €	30.000,00 €	66.000,00 €	60.000,00 €	24.000,00 €
Family allowance. Complemento conciliación se se despraza con familia (cónxuge / fillos) (Xunta)	300,00 €	108.000,00 €	18.000,00 €	39.600,00 €	36.000,00 €	14.400,00 €
Relocation. Complemento traslado inicial (Xunta)	66,67 €	24.000,00 €	12.000,00 €	12.000,00 €	0,00 €	0,00 €
Research costs. Complemento investigación (Xunta)	300,00,00 €	108.000,00 €	18.000,00 €	39.600,00 €	36.000,00 €	14.400,00 €
Congresses and events. Congresos e eventos. Xunta	316,67 €	114.000,00 €	19.000,00 €	41.800,00 €	38.000,00 €	15.200,00 €
Secondments (Estadías). Xunta	200,00 €	72.000,00 €	0,00 €	36.000,00 €	36.000,00 €	0,00 €
Total fondos Xunta	1.983,34 €	714.000,00 €	103.400,00 €	249.080,00 €	253.600,00 €	107.920,00 €
Total fondos UE		1.692.000,00 €	282.000,00 €	620.400,00 €	564.000,00 €	225.600,00 €
Total (fondos UE + Xunta)	6.683,34 €	2.406.000,00 €	385.400,00 €	869.480,00 €	817.600,00 €	333.520,00 €

